

Área: BM Praia

Circular nº 001 - Temp. 22/23

COMPETICIÓN TEMPADA 22/23

1. INFORMACIÓN XERAL

A Xira Galega de Balonmán Praia constará de 4 probas (participación segundo inscricións) e unha fase final (participación segundo clasificación).

- I Torneo Mancomunidade Concellos do Morrazo – Concello de Bueu, Praia Banda do Río, do 29 de xuño ao 2 de xullo.
- II Torneo Mancomunidade Concellos do Morrazo – Concello de Bueu, Praia Banda do Río, do 6 ao 9 de xullo.
- III Torneo Mancomunidade Concellos do Morrazo – Concello de Moaña, Praia da Xunqueira, do 13 ao 16 de xullo.
- IV Torneo Mancomunidade Concellos do Morrazo – Concello de Moaña, Praia da Xunqueira, do 20 ao 23 de xullo.
- Fase final en Moaña, Praia da Xunqueira, o 25 de xullo.

2. ESTRUCTURA DA COMPETICIÓN

Os torneos en todas as categorías disputaranse da seguinte maneira:

- Fase de grupos. Os equipos enfróntanse entre si en formato de liga a unha volta.
- Fase eliminatoria. Xógase baixo o sistema de eliminatoria a partido único (cuartos de final, semifinais...etc. segundo os equipos inscritos por categoría e torneo) ata obter un campión do torneo.

3. FORMACIÓN DE GRUPOS DAS PROBAS

En todas as probas se establecerán cabezas de serie segundo os grupos existentes na fase de grupos (segundo número de equipos inscritos).

Na primeira proba a formación dos grupos ven definida pola clasificación xeral da tempada 2022/2023.

Na proba 2, 3 e 4 a formación dos grupos ven definida pola clasificación xeral da presente tempada (tendo en conta o resultado das probas xa disputadas).

A continuación, completaranse os grupos seguindo a fórmula de serpentín.

4. FORMATO DE COMPETICIÓN DAS PROBAS

A competición de todas as categorías das diferentes probas variará en función dos equipos inscritos.

EQUIPOS INSCRITOS	FASE DE GRUPOS	FASE ELIMINATORIA
5	1 grupo de 5 equipos (A)	Final: 1º grupo A vs. 2º grupo A 3º e 4º posto: 3º grupo A vs. 4º grupo A
6	2 grupos de 3 equipos (A, B)	Eliminatorias previas: 2ºA vs. 3ºB 2ºB vs. 3ºA Semifinais: 1ºA vs. Ganador eliminatoria previa 2 1ºB vs. Ganador eliminatoria previa 1 Final e 3º e 4º posto
8	2 grupos de 4 equipos (A, B)	Semifinais: 1ºA vs. 2ºB 1ºB vs. 2ºA Final e 3º e 4º posto
9	1 grupo de 4 equipos (A) 1 grupo de 5 equipos (B)	Semifinais: 1ºA vs. 2ºB 1ºB vs. 2ºA Final e 3º e 4º posto
10	2 grupos de 5 equipos (A, B)	Semifinais: 1ºA vs. 2ºB 1ºB vs. 2ºA Final e 3º e 4º posto
11	1 grupo de 6 equipos (A) 1 grupo de 5 equipos (B)	Final: 1º grupo A vs. 1º grupo B 3º e 4º posto: 2º grupo A vs. 2º grupo B
12	3 grupos de 4 equipos (A, B, C)	Semifinais: Mellor 2º vs. Mellor primero (que non sexa do seu grupo) 1º do grupo do mellor 2º vs. Peor 1º dos grupos restantes Final e 3º e 4º posto

13	2 grupos de 4 equipos (A, B) 1 grupo de 5 equipos (C)	Semifinais: Mellor 2º vs. Mellor 1º (que non sexa do seu grupo) 1º do grupo do mellor 2º vs. Peor 1º dos grupos restantes Final e 3º e 4º posto
15	3 grupos de 5 (A, B, C)	Semifinais: Mellor 2º vs. Mellor primero (que no sea do seu grupo) 1º do grupo do mellor 2º vs. Peor 1º dos grupos restantes Final e 3º e 4º posto
16	4 grupos de 4 equipos (A, B, C, D)	Semifinais: 1ºA vs. 1ºD 1ºB vs. 1ºC Final e 3º e 4º posto
18	2 grupos de 4 (A, B) 2 grupos de 5 (C, D)	Semifinais: 1ºA vs. 1ºD 1ºB vs. 1ºC Final e 3º e 4º posto

En función da dispoñibilidade de pistas a FGBm resérvase o dereito a ampliar os cadros competitivos das diferentes categorías. É dicir, poderanse crear eliminatorias previas a semifinais ou cuartos de final naquelas categorías que se considere en función da dispoñibilidade horaria de cada fin de semana.

5. OBTENCIÓN DE MELLOR POSTO ENTRE EQUIPOS DO MESMO GRUPO

Cando na fase regular empatasen a puntos dous ou máis equipos, seguiranse os seguintes criterios para determinar a orde de clasificación:

- 1) Cando un dos equipos non comparecese a un partido, ocupase a última posición.
- 2) Teranse en conta, os puntos obtidos nos partidos xogados entre eles, ocupando posto preferente o que suma máis puntos.
- 3) Se tivesen o mesmo número de puntos, ocupará posto preferente o equipo que obteña unha maior diferenza de sets (períodos) a favor e en contra, no total dos encontros xogados entre si polos equipos implicados.
- 4) Se persiste o empate, obterá posto preferente o equipo con maior diferenza de tantos (puntos de gol) a favor e en contra, no total de encontros xogados entre si polos equipos implicados.
- 5) Se continúa o empate, obterá posto preferente o equipo co maior coeficiente resultante de dividir os tantos a favor entre os tantos en contra, do total de partidos xogados entre si polos equipos implicados.

- 6) De persistir o empate, obterá posto preferente o equipo con maior diferenza de sets (períodos) a favor e en contra, no total de partidos xogados no grupo.
- 7) Se aínda continúa o empate, obterá posto preferente o equipo co maior coeficiente resultante de dividir os tantos a favor entre os tantos en contra, do total de partidos xogados no grupo.
- 8) No caso pouco probable de que persistise a igualdade de resultados entre os equipos implicados, ocupará posto preferente o gañador do sorteo para celebrar polo delegado/a federativo responsable da competición, en presenza dos representantes dos devanditos equipos.

6. OBTENCIÓN DE MELLOR POSTO ENTRE EQUIPOS DE GRUPOS DIFERENTES

A formula aplicada no caso de haber disputado o mesmo número de partidos será:

1. Número de PUNTOS.
2. Diferenza de SETS (períodos).
3. Diferenza de TANTOS (puntos de gol).
4. Maior número de TANTOS A FAVOR, sen ter en conta os conseguidos en shoot- outs.
5. Diferenza de TANTOS EN SHOOT- OUT.
6. Maior número de TANTOS A FAVOR EN SHOOT- OUT.

Para determinar a clasificación lineal entre grupos no suposto de xogarse distinto número de partidos, eliminarase o resultado contra o último clasificado no grupo que ten mais equipos e seguiranse os criterios anteriores para determinar a orde de clasificación.

7. FORMATO DE COMPETICIÓN DAS FASE FINAL

A competición de todas as categorías será disputada por os 4 mellores equipos da clasificación xeral.

EQUIPOS	FASE ELIMINATORIA
4	Semifinais: 1º vs. 4º 2º vs. 3º Final e 3º e 4º posto

8. SISTEMA DE OBTENCIÓN DE PUNTOS DE CLASIFICACIÓN XERAL

A formula aplicada para a elaboración da clasificación xeral será:

- Participación en cada torneo: 10 puntos.
- Puntos clasificación do torneo. Aplicarase a seguinte fórmula:
 $10 * (n^{\circ} \text{ equipos participantes no torneo} + 1 - \text{posición final no torneo})$